

Durante os prazos referidos, calquera persoa poderá examinar a dita documentación, en horario de oficina, nas dependencias da Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, sitas nos edificios administrativos de San Caetano, en Santiago de Compostela, e presentar ante a dita consellería as alegacións, documentos e xustificacións que coide pertinentes.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2006.

Ramón Saúl Lueje Espina  
Director xeral de Urbanismo

*Anuncio do 27 de xaneiro de 2006, da Dirección Xeral de Urbanismo, polo que se somete a información pública o proxecto sectorial do parque empresarial de Vilanova de Arousa I (Pontevedra), así como o estudo de impacto ambiental do proxecto sectorial do parque empresarial de Vilanova de Arousa I (Pontevedra).*

En cumprimento do disposto nos artigos 25 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e 13 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal (DPS), así como en consonancia co previsto no artigo 5 do Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación do impacto ambiental para Galicia, sométese á información pública, para os efectos e durante os prazos que logo se precisan, a seguinte documentación:

1. Proxecto sectorial do parque empresarial de Vilanova de Arousa I (Pontevedra): para os efectos da Lei 10/1995 e do Decreto 80/2000, durante o prazo dun mes contado a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Estudo de impacto ambiental do proxecto sectorial do parque empresarial de Vilanova de Arousa I (Pontevedra): para os efectos do Decreto 442/1990, durante o prazo de trinta (30) días hábiles contados a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Durante os prazos referidos, calquera persoa poderá examinar a dita documentación, en horario de oficina, nas dependencias da Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, sitas nos edificios administrativos de San Caetano, en Santiago de Compostela, e presentar ante a dita consellería as alegacións, documentos e xustificacións que coide pertinentes.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2006.

Ramón Saúl Lueje Espina  
Director xeral de Urbanismo

*Anuncio do 1 de febreiro de 2006, da Dirección Xeral de Urbanismo, polo que se somete a información pública o proxecto sectorial do parque empresarial da Guarda-O Rosal (Pontevedra), así como o estudo de impacto ambiental do proxecto sectorial do parque empresarial da Guarda-O Rosal (Pontevedra).*

En cumprimento do disposto nos artigos 25 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e 13 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal (DPS), así como en consonancia co previsto no artigo 5 do Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación do impacto ambiental para Galicia, sométese á información pública, para os efectos e durante os prazos que logo se precisan, a seguinte documentación:

1. Proxecto sectorial do parque empresarial da Guarda-O Rosal (Pontevedra): para os efectos da Lei 10/1995 e do Decreto 80/2000, durante o prazo dun mes contado a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Estudo de impacto ambiental do proxecto sectorial do parque empresarial da Guarda-O Rosal (Pontevedra): para os efectos do Decreto 442/1990, durante o prazo de trinta (30) días hábiles contados a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Durante os prazos referidos, calquera persoa poderá examinar a dita documentación, en horario de oficina, nas dependencias da Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, sitas nos edificios administrativos de San Caetano, en Santiago de Compostela, e presentar ante a dita consellería as alegacións, documentos e xustificacións que coide pertinentes.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2006.

Ramón Saúl Lueje Espina  
Director xeral de Urbanismo

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Resolución do 3 de xaneiro de 2006, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se fai pública a adxudicación dunha subministración de moblaxe.*

En cumprimento do disposto no artigo 93.2º do Real decreto lexislativo 2/2000, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, esta delegación provincial acorda